



BONIFICACIÓN IBI 50% DURANTE 3 AÑOS POR INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES.

■ Aprobada na ordenanza do IBI a bonificación do 50% do imposto aos inmobles de uso residencial, que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía procedente do sol para autoconsumo, durante os tres anos seguintes á data de instalación. Deberán presentar a solicitude coa documentación que se detalla deseguido.

Requisitos técnicos e xurídicos para a presentación das solicitudes:

- Fotocopia do NIF/CIF do titular.
- Fotocopia do proxecto ou memoria técnica.
- Fotocopia do certificado de montaxe e certificado de instalación.
- Fotocopia das especificacións técnicas dos sistemas autorizados.
- Fotocopia da acreditación da concesión de licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía.
- Fotocopia do certificado final de obras.
- Certificado de empadramento.

A presentación das solicitudes poderán realizarse a través da sede electrónica do Concello de Vedra, no Rexistro Xeral de xeito presencial ou na sede electrónica da Deputación da Coruña (xa que dito imposto está delegado na Deputación). A bonificación será efectiva para o exercicio seguinte ao ano de presentación da solicitude.

Poderán facer a súa consulta a través do teléfono 981 814 612, no Departamento de Xestión Tributaria.

ABRIL

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ O terceiro martes de cada mes podes facer as túas consultas sobre catastro nas dependencias municipais. Para iso **É NECESARIO QUE SOLICITES CITA PREVIA** no teléfono 981 814 612.

EN ABRIL A CITA SERÁ O DÍA 18.

PUNTO LIMPO

■ Lembra que podes facer uso deste servizo.

NON É NECESARIO SOLICITAR CITA PREVIA,... SÓ ACHÉGATE NESTE HORARIO:

- Todos os martes en horario de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas e os sábados de 9:00 a 14:00 horas.



SERVIZO DE NOVAS MUNICIPAL

■ **LEMBRA QUE PODES PARTICIPAR DO SERVIZO DE NOVAS DO CONCELLO DE VEDRA POLO QUE RECIBIRÁS POR WHATSAPP TODA A INFORMACIÓN DE INTERESE!!**

SÓ TES QUE GARDAR NOS TEUS CONTACTOS O NÚMERO 663 893 398 E SOLICITARNOS A ALTA NESTE SERVIZO!!

Así coñecerás todas as novidades, toda a información municipal, asociativa,...



Obradoiro de Iniciación ao Bonsai de Camelia impartido por José Freire Cruces.




Excursión a Celorico de Basto para clausurar as XXVII Xornadas Arredor da Camelia 2023.



Momento da participación de Vedra na inauguración da Feira Internacional da Camelia en Celorico de Basto.



Foto de familia da Andaina Camiñando pola Igualdade.



Ludoteca polo 8M.



Momento da entrega do recoñecemento Vedra é muller ás mulleres do voluntariado senior de Vedra.



Momento da presentación do podcast Moitas Mulleres nunha soa muller.



Visita a Vedra do alcalde de Capannori, Italia.



Estación Cultural en Marzo.



Sesión de contos con Ángeles Goás coa Asociación Berenguela como clausura da Estación Cultural.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Presentación da XLI Festa do Viño da Ulla.



Presentación do documental ASOCIADAS+ da Asociación ACUXUVE.



Actividade de parkour e breakdance da Anpa do CPI de Vedra.



Unha das representacións nesta edición de Teatrofilia 2023 da Asoc. Cultural Papaventos.



Entrega do premio por participar en Teatrofilia 2023.



VEDRA DÁ INICIO AO PROXECTO EUROPEO WINEU.RUR PARA A POSTA EN VALOR DO NOSO PATRIMONIO PAISAXÍSTICO, CULTURAL E ETNOGRÁFICO

■ Os días 8, 9 e 10 de marzo Vedra acolleu o 1º Evento internacional de presentación do proxecto europeo wineu.rur («Valores sociais comúns e tradicións etnográficas, culturais e históricas con relación á labranza e á viticultura no rural europeo», CERV-2022-CITIZENS-TOWN). O proxecto está liderado polo Concello de Vedra, con socios de Italia, Bulgaria, Eslovenia, Croacia e Portugal.



Asistentes ao evento de presentación do proxecto no Pazo de Vista Alegre.

O obxectivo deste proxecto é crear unha rede de pequenas comunidades rurais para a protección e valorización das paisaxes rurais europeas que impulse novas experiencias de turismo sostible e accións de transición dixital e ecolóxica, e que ademais defina estratexias de goberno participativo baseadas nos valores sociais, culturais e históricos que ofrecen as paisaxes agrarias tradicionais, como activos para unhas zonas rurais europeas máis verdes, máis dixitais e máis resilientes. Durante estes tres días as delegacións dos cinco países socios puideron coñecer o noso



Reunión técnica do proxecto no Centro de emprendemento A Estación.



Foto de grupo dos visitantes no Gundián.

territorio e realizar diversas visitas a negocios locais relacionados coa temática do proxecto.

Se queres máis información sobre este proxecto ou calquera dos proxectos europeos nos que o Concello de Vedra está traballando contacta coa axencia de desenvolvemento local ou no teléfono 881 074 404.


Cultura



PRESENTACIÓN DO LIBRO 'A invención da Gallaecia e a minaría do ouro' DE ÓSCAR PAZOS

■ O xoves 27 de abril ás 20:00 horas no Centro Sociocultural de Vedra. O gran ciclo mineiro do ouro galaico-romano amorea unha chea de interrogantes arqueolóxicos, mineiros e xeolóxicos por resolver, mais sobre todo constitúe un problema histórico de seu que ten moita relevancia para os galegos, pois foi neste tempo cando a Gallaecia

abrollou a historia. Para dar resposta a algúns destes interrogantes e problemas presento neste libro unha tese que atopa na minaría do ouro a razón histórica da invención e supervivencia da Gallaecia, a única provincia do Imperio Romano que segue a ter, após vinte séculos, continuidade coma entidade administrativa e política.



A ESTACIÓN CULTURAL

■ No pasado mes de marzo rematou este proxecto que pretendía dotar dunha nova identidade cultural e visual ao espazo da Estación, para que se convertera nun lugar de referencia para veciños e veciñas do concello de Vedra, pero tamén para os habitantes da comarca que quixeran crear novas identidades de pertenza.

A presente iniciativa tiña como obxectivos xerais:

- Incrementar a actividade cultural no territorio, e activar procesos culturais, tratando de afondar nos vínculos individuais e sociais deste concello rural.
- Reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural vedrés como ferramenta de cambio, dinamización e transformación social.
- Promover a inclusión e a estimulación da participación cidadá activa na actividade cultural.

Estruturouse en tres accións:

- **Laboratorio de ideas:** espazo de impulso e promoción de proxectos culturais.
- **Estudio de radio e podcast.**
- **Cultura na Nave:** festivais temáticos, multidisciplinares e interxeracionais.

Neste percorrido de 5 meses, achegámonos á “Memoria” con exposicións, rutas polo patrimonio e actuacións de corais; tamén á “Tradición” coa mostra de artesanía, concertos e espectáculos infantís; á “Creación” mostrando o quefacer dos/as artistas locais, música, o visionamento de cortos e documentais e os obradoiros para a cativada. A temática da “Terra” trouxo pinceladas de educación ambiental, charlas, mostra de camelia, música de banda e folk. Rematamos coa “Muller” como protagonista, con grupos de pandeire-



teiras, dinamización en clave feminista, contos...

Se atendemos aos resultados e ao nivel de participación, podemos dicir que se teñen acadado os obxectivos propostos. Foi unha boa ferramenta para dinamizar o ecosistema cultural vedrés.

Desde estas liñas, o noso agradecemento a todas as persoas participantes, grupos locais e profesionais, asociacións e empresas; especialmente ao AGADIC polo apoio prestado para facer realidade esta iniciativa.

Turismo

OFICINA DE TURISMO EN SEMANA SANTA

■ Como todos os anos a Oficina de Turismo de Ponte Ulla abre a súas portas en Semana Santa, ofrecendo información e asistencia turística a todas aquelas persoas que queiran coñecer os segredos de Vedra e Galicia. A oficina permanecerá aberta no seguinte horario:

- Do luns 3 de abril ata o domingo 9 de abril.
- De 11:00 a 15:00 horas.



CAMPAMENTOS DE VERÁN 2023

■ Os campamentos como actividade socioeducativa e de desenvolvemento persoal teñen por obxectivos potenciar as relacións interpersoais entre os/as máis novos/as creando un clima de afecto, comunicación e participación, propoñer experiencias novas de goce do

tempo libre, fomentar hábitos de conduta saudables a través do contacto coa natureza dun xeito positivo, favorecer a convivencia entre as persoas participantes e promover a aprendizaxe dende o punto de vista da educación non regulada e informal.

CATEGORÍA	IDADES	LUGAR	DATAS
INFANTIL	Nados/as entre 2011 e 2014 (incluídos)	Zona de mar	Do 23 ao 30 de xuño
XUVENIL	Nados/as entre 2007 e 2010 (incluídos)	Zona de mar	Do 23 ao 30 de xuño

Prazas limitadas. Teñen preferencia as persoas empadroadas no Concello de Vedra (Realizarase sorteo no caso de ser preciso)

Inscripción previa do 24 ao 28 de abril en:

www.concellodevedra.gal

Estamos organizando a viaxe da mocidade para nados/as en 2005, 2006 e 2007. Máis información no boletín do mes de maio.

Deporte

SENDEIRISMO: RUTA DENDE O MIRADOIRO DA LOBEIRA ATA CAMARIÑAS.

■ **O sábado 15 de abril.** Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.
- Parada no Breixo ás 7:45 horas.
- Parada Hiperacor: 7:55.
- Diante oficina do BNG (antiga estación de autobús ás 8:00)

Se nunca viviches esta experiencia e queres facelo podes informarte e inscribirte no 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal



Educación

VEDRA MEDRA EN MARZO TIVO ROSTRO DE MULLER

■ Coa fin de sumarse ao Día Internacional da Muller, **Vedra medra** cedeulles a palabra a tres vedresas: Elvira Gestoso, Ana Dacosta e Pilar González que nos acompañaron na sesión de xogos populares do pasado 11 de novembro no centro. Seis alumnas da ESO fixéronlles unha entrevista coa que quixeron saber máis dos xogos e xoguete que practicaron e construíron sendo

elas nenas. Eran outros tempos, cando un pau se convertía en cabalo ou unha palla en frauta, cando as bonequiñas se facían de espigas e as casiñas de carozos e os enredos se creaban a partir do que tiñan á man na aldea. O papel do xoguete onte e hoxe suscitou tamén a reflexión destas nais, agora xa avoas.

Este 8 de marzo foi unha nova oportunidade para sen-

Continúa na páxina 7

sibilizar a comunidade educativa do valor do xogo tradicional e popular como elemento patrimonial, como un dos saberes en que a transmisión directa de nais a fillas, de avoas a netas aínda é posible e, que permite, ademais a participación en grupo e social.

A entrevista realizárona Nerea, Julia, Ylenia, Martina, Alba e Saray de 3.º ESO-B e pódese escoitar no facebook @vedramedra

Por outra parte, co alumnado de 3º ESO-B lembrouse o poemario *Nós outras* de Marica Campo e Menchu Lamas.

E para festexar o Día de Rosalía e a festa local de exaltación da camelia, as rapazas de 1.º da ESO (A e B) recitaron os poemas de Rosalía de Castro: *"Nasín cando as prantas nasen"* (Africa, Naiara, Nuria, Paula, María); *"Campanas de Bastavales"* (Lucía e María, Carlota e Malak; *"Adiós ríos, adiós fontes"* (Mara, Ariadna, Melisa, Xiana, Xulia); *"Airiños, airiños, aires"* (Martina). Estas dúas



gravacións difundirémolas en breve no noso Facebook.

Para finalizar, cómpre lembrar a cara feminina do noso Entroido e as nosas xenerais que tiveron a afouteza de dar os atranques este ano: Xulia, Lucía, Gisela, Miriam, Suevia e Laura. Para todas as mociñas e as mulleres vedresas que protagonizaron estas actividades vaia o noso recoñecemento.

E se queredes seguirmos, estamos no Facebook, na web do CPI de Vedra e na revista dixital *Fiadeiro*.

Medio Ambiente

LOITA CONTRA A VELUTINA

TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.



ELABORACIÓN DE ATRAENTES

TIPO 1



Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.



INFORMACIÓN SOBRE

CONTROL DA VESPA VELUTINA

"AVESPA ASIÁTICA"



Se atopas un niño de velutina
chama ao 012



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE



Excursión da Terceira Idade a Ávila.

■ XXIX Romaría da Terceira Idade Sábado 1 de abril a partir das 12:30 h. en Vedra.

Programa: Misa, xantar de confraternidade, actuación musical...

■ Circuito termal nas Termas de Outariz

Mércores 19 de abril.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte,

comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 10 de abril ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ Bingo

Xoves 20 de abril ás 20:00 h.

■ Bingo

Xoves 11 de maio ás 20:00 h.

■ Festival das Letras Galegas

Domingo 14 de maio ás 19:00 h.

Coro de Habaneras "Rocha Forte"
Coral da Terceira Idade de Vedra

■ Circuito termal nas Termas de Outariz e visita pola tarde.


Luns 22 de maio.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e visita. (O prazo de inscrición ábrese o 9 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

PROGRAMA CAMIÑOS DE COÑECEMENTO E EXPERIENCIA

■ O obxectivo principal deste programa é favorecer a democratización do coñecemento, potenciando e difundindo o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos.



Programa:

- 3 e 5 de abril, de 16:30 a 18:00 h.: "Moda, arte e historia: unha lectura diferente do patrimonio".
- 13 e 14 de abril de 16:30 a 18:00 h.: "Lectura de facturas e como reclamar".
- 17 e 18 de abril, de 17:00 a 18:30 h.: "O sono e o seu trastorno".

Para máis información e inscricións no Centro Social ou no teléfono 981 814 695.

Aberto a todas as persoas interesadas.

Prazas limitadas.

INFORMACIÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL CURSO 2023/2024

■ Proximamente publicárase a listaxe **PROVISORIAL** de persoas admitidas e excluídas na escola infantil municipal para o vindeiro curso 2023/2024.

Os lugares de publicación son os seguintes:

- Páxina web municipal.
- Taboleiro de anuncios electrónico.
- Escola infantil municipal.

Non se efectuarán notificacións individuais, polo que é necesario estar atento á publicación para o cómputo dos prazos.

O prazo de reclamacións e alegacións será de 10 días naturais contados dende a data de publicación da relación provisional. Deberán presentarse por escrito no rexistro xeral do Concello ou na sede electrónica. Unha vez rematado este tempo, procederemos a publicar a listaxe definitiva. Recomendamos estar atentos aos lugares citados anteriormente para recibir todas as novas. Máis información: No regulamento da EIM e no teléfono de servizos sociais (981 814 693).



INFORMACIÓN DE INTERESE

■ A veciñanza poderá acudir nos días de atención ao público (luns, xoves e venres, de 9 a 14 horas) a solicitar información e tramitar os seus expedientes. **Dispoñer de cita previa, chamando ao teléfono 981 814 693 facilitará unha mellor organización e atención, polo que se recomenda concertar unha cita.**

VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como información, orientación, asesoramento, xestión e tramitación de expedientes.

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

- 1. Dependencia (SAAD):** Persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
- 2. Libre concorrencia:** Persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato

infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestación económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA



MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030

LUDOTECA

■ O mes de abril vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinámoslles aos nenos a convivir cos outros, a ser persoas cunha mirada crítica, trataremos de informarnos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo dos nenos, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico e de conciliación tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementa-la tarefa educativa que realizan a familia e a escola.

Este proxecto ten coma obxectivos coñecer e comprender a nosa contorna máis próxima, o lugar onde vivimos, que recursos e cantas cousas podemos facer!!

O mes de abril gozaremos de actividades cheas de dinamismo e estimulación dos xogos de movemento. Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- LUDOPOKEMON
- Experimentos divertidos.
- "Mr/s. Manitas".

- Descubre e investiga: "xogos de Roma".
- Compañeiros/as de xogo: Xogos reunidos.
- Superchef: COCIÑA DE PASCUA, FACEMOS A ROSCA.
- Vacacións de Semana Santa Gran xogo de busca
- Descubre e investiga: "xogos en grupo e de colaboración".

O HORARIO NAS VACACIÓNS DE SEMANA SANTA SERÁ COMO SEMPRE, DE 8:30 A 14:30 H.



A LUDOTECA DE VERÁN ABRE O SEU PRAZO DE SOLICITUDE EN MAIO

■ Como todos os anos a Ludoteca inicia unha nova tempada de verán intentando cumprir coa maior e mellor calidade os seus fins educativos e sociais.

Prazo de presentación de solicitudes: do 1 ao 31 de maio de 2023, ambos incluídos.

As prazas son limitadas.

Lugar de presentación de solicitudes:

- Sede Electrónica.
- De xeito presencial: PREVIA CITA (981 814 693 ou 981 814 612) no rexistro do concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

A solicitude colgarase na páxina web do concello.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



Muller

SERVIZOS QUE SE PRESTAN DENDE A CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, MULLER E IGUALDADE

■ A Constitución Española, no seu artigo 14, establece a non discriminación por razón de nacemento, sexo, relixión, opinión ou calquera condición ou circunstancia. Pero a pesar desta equiparación constitucional, aínda os dereitos da muller non se respectan plenamente nin no fogar, nin no traballo, nin nas rúas.

Non é suficiente, pois, que existan leis que garantan os nosos dereitos, senón que é necesario coñecelos para así poder exercitalos e denunciar, no seu caso, o seu incumprimento, saber a que lugar, persoas ou institucións dirixirnos para efectuar as nosas reclamacións.

No Concello de Vedra, a Concellería de Servizos So-

Continúa na páxina 11



ciais, Muller e Igualdade ofrece os seguintes servizos de forma totalmente gratuíta:

CIM

■ Facilita unha primeira orientación ás mulleres que acoden, derivándoas aos departamentos que poidan proporcionarlles o asesoramento técnico adecuado.

Asesoramento Xurídico.

Unha técnica xurídica informará e asesorará, intervindo, cando o caso o requira, naquelas materias xurídicas que afectan á muller tanto en dereito de familia como en dereito penal.

Departamento Psicolóxico.

O obxectivo fundamental da asesoría é prestar apoio psicolóxico a aquelas mulleres que presentan problemáticas relacionadas co seu nivel de autocontrol e autoestima, incrementando a capacidade das mesmas sobre o seu propio benestar e os factores que o condicionan.

Listaxe de servizos por orde alfabética

- Acoso sexual no traballo (asesoramento).
- Asesoramento, información e orientación departamento muller.
- Asesoramento, orientación departamento xurídico muller.
- Casas de acollida para mulleres maltratadas (asesoramento).
- Emprego Muller.
- Garda e custodia (asesoramento).
- Nais familias monomarentais información (asesoramento).
- Malos tratos (asesoramento).
- Mulleres separadas (asesoramento).



Momento da andaina camiñando pola igualdade realizada conxuntamente polos concellos de Boqueixón, Touro e Vedra

- Pensións alimenticias muller (asesoramento).
- Psicolóxico (departamento).
- Subvencións (asesoramento).
- Violencia de xénero.

ONDE PODES CHAMAR??

- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Vedra de luns a venres de 8.00 a 15.00 horas
- CIM, centro de información á muller:
 - Atención xurídica Venres de 8:00 a 15:00 h.
 - Atención psicolóxica Martes de 8:00 a 15:00 h.
- TELÉFONO 981 814 693

Programas específicos:

Mulleres+

■ "Programa da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra."

Esta acción formativa facilita que as mulleres vaian adquirindo coñecementos e ferramentas e que vai destinada ao coñecemento e adquisición de novas capacidades da informática, e autoxestión que lles permita, entre outros aspectos, poder acceder ao mercado laboral e a desenvolverse autonomamente nas xestións da vida cotiá.



O longo do programa desenvólvense talleres que proporcionan ás mulleres participantes habilidades de autocoidado, apoderamento das propias capacidades, habilidades de comunicación, etc. Nestes momentos estase a desenvolver un taller de PODCATS.

A ACTIVIDADE É GRATUÍTA

É necesario inscribirse.

Para máis información: carmen.sabio@concellodevedra.gal telefono 699 041 486 ou 981 814 693 de 9:00 a 14:00 horas.





XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO con motivo da XLI FESTA DO VIÑO DA ULLA

XORNADAS TÉCNICAS SOBRE A CULTURA DO VIÑO
XLI FESTA DO VIÑO DA ULLA - 2023
Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón - Vedra

Mércores 12 de abril ás 20:00 h.:

Conferencia: "A boa práctica fitosanitaria e de biocontrol no viño. Aspectos técnicos e regulatorios."

Intervén: **Juan Carlos Vázquez Abal**
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) - AGACAL.
Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia.

Xoves 13 de abril ás 20:00 h.:

Túnel do viño: Espazo de cata, onde as persoas asistentes estarán asesoradas, e poderán degustar 10 marcas de viños das diferentes subzonas da D.O. Rías Baixas. Cata comentada.

Intervén: **José Luis Martínez Canle**
Técnico do Consello Regulador da D.O. Rías Baixas.

Venres 14 de abril ás 18:00 h.:

Saída de campo: Coñecemento de novos proxectos vitivinícolas da Ribeira do Ulla: Adega Mar de Envero (Teo) e Enoturismo María Manuela (Boqueixón)

Acto de clausura e entrega de diplomas ás persoas asistentes.

Mais información e inscricións: 981 814 691 ou festadovindoulla2023@gmail.com. Prazas limitadas

XLI FESTA DO VIÑO DA ULLA O 15 E 16 DE ABRIL

XLI FESTA DO VIÑO DA ULLA
15 E 16 ABRIL 2023

SÁBADO 15 DE ABRIL

Pazo Vista Alegre (Ponte Ulla) **12:00 h.**

V CATA CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS - ALBARIÑO DA RIBEIRA DO ULLA Aberta ao público **16:00 h.**

RUTA MOTOTURÍSTICA POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA (Motoclub Val do Ulla) **18:00 h.**

Campo da Festa de San Miguel de Sarandón **18:00 h.**

Apertura da **MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA**

Apertura da **MOSTRA DE ARTESANÍA**

Charanga Santa Compañía **19:00-22:00 h.**

HARMONÍA: VIÑO-TAPAS

Viño Tradicional: **19:00 h.**

Escolas de Tequexeteldere (A Estrada)
Escola da A.C. A Mamoa de Luou (Teo)
Grupo de Baile Os Campiños e Pandereteiras Dedaleiras da A.C. San Campio (Vedra)

Viño Son: **22:00 h.**

A Banda da Loba Monolious DOP (Banda)

DOMINGO 16 DE ABRIL

11:00 h.

RUTA DE COCHES ANTIGOS POLOS VIÑEDOS DA RIBEIRA DO ULLA

Campo da Festa de San Miguel de Sarandón **12:00 h.**

Apertura da **MOSTRA DOS VIÑOS DA D.O. RÍAS BAIXAS - RIBEIRA DO ULLA**

Apertura da **MOSTRA DE ARTESANÍA**

Charanga BB+ **16:30 h.**

CONCERTO DA ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA

Viño Son: **18:30 h.**

Orquestra PANORAMA

PREGÓN a cargo de **MARÍA MERA** (actriz e presentadora)

PULPEIROS • ATRACCIÓN INFANTÍS • AMPLOS APARCADOIROS

www.festadovindoulla.com

FESTAS DO SAN PEDRO MÁRTIR EN MERÍN

- **Sábado 29 de abril:**
- Misa solemne ás 13:15 horas
 - Sesión vermú co dúo musical "Galán"
 - Pola noite verbena amenizada polo dúo "Phantom" e o dúo musical "Galán"

- **Domingo 30 de abril:**
- Misa solemne ás 13:15 horas.
 - Sesión vermú coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

COMIDA PARROQUIAL EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

- O domingo 30 de abril celébrase esta cita gastronómica co porco á brasa de protagonista
- Menú:** Mexillóns ao vapor, chourizos, porco á brasa, viño, refrescos, pan, postre e café.
 - Prezo:** 23€ por persoa adulta e 12 € ata os 12 anos.
- Despois de xantar actuación do grupo "Punto Zero".
- Inscricións nos teléfonos: 620 859 445, 627 194 619, 676 093 228.

E EN MAIO... 33ª FESTA DA ORELLA EN SAN FINS

- O domingo 7 de maio celébrase unha nova edición da exaltación dos produtos típicos da nosa gastronomía. Haberá orella de porco e orella doce a prezos populares. Tamén haberá polbo, churrasco e máis produtos regados con bo viño do país.
- Pregón e actuacións musicais a partir das 13:00 e durante todo o día. Amplos aparcadoiros totalmente gratuítos. Cartel dispoñible proximamente.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA!! Se pertences a calquera dos colectivos asociativos de Vedra e queres que a túa actividade saia publicada no boletín, simplemente escríbeno a cultura@concellodevedra.gal ou chama ao 981 814 691. A DATA LÍMITE É O 20 DE CADA MES!!